

**REGULAMENTO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE
«CAIXABANK PAYMENTS & CONSUMER, E.F.C. E.P., S.A.U.»**

CAPÍTULO I

PRELIMINAR

ARTIGO 1.- OBXECTO

1. Este Regulamento está aprobado polo Consello de Administración de CaixaBank Payments & Consumer, E.F.C. E.P., S.A.U. (en adiante, a «**Sociedade**») para determinar os principios de actuación do devandito Consello, así como as normas básicas da súa organización e funcionamento e as normas de conduta dos seus membros, aplicándose igualmente aos seus órganos delegados e ás súas comisións de ámbito interno, así como aos membros que os integran.
2. Este Regulamento desenvolve e completa o réxime normativo aplicable ao Consello de Administración establecido nos Estatutos da Sociedade. Interpretarase conforme as normas legais e estatutarias aplicables.

CAPÍTULO II

FUNCIÓN DO CONSELLO

ARTIGO 2.- FUNCÍONS DO CONSELLO ADMINISTRACIÓN

1. Agás nos asuntos reservados á competencia da Xunta Xeral pola Lei ou os Estatutos Sociais, o Consello de Administración é o máximo órgano de decisión da Sociedade, con competencia para adoptar acordos sobre toda clase de asuntos, correspondéndolle os máis amplos poderes e facultades para xestionar e representar a Sociedade.
2. O Consello de Administración definirá un sistema de goberno corporativo que garanta unha xestión saneada e prudente da Sociedade e que inclúa a adecuada distribución das funcións na organización e a prevención de conflitos de intereses, vixiando a aplicación do devandito sistema e controlando e avaliando periodicamente a súa eficacia, adoptando, no seu caso, as medidas oportunas para resolver posibles deficiencias.
3. En particular e sen prexuízo das competencias que se lle reserven ao pleno do Consello de Administración pola Lei, os Estatutos ou o presente Regulamento, as seguintes funcións do Consello de Administración serán indelegables e a súa aprobación corresponderalle ao pleno do Consello, sen prexuízo dos efectos que as delegacións e facultades outorgadas poidan ter sobre terceiros:
 - (i) A súa propia organización e funcionamento e en particular a aprobación e modificación do seu propio Regulamento.
 - (ii) A supervisión do funcionamento efectivo das Comisións que constituíse e a actuación dos órganos delegados.

- (iii) A supervisión efectiva da alta dirección e dos directivos que designase.
- (iv) A formulación das contas anuais e a súa presentación á Xunta Xeral.
- (v) A formulación de calquera tipo de informe esixido pola lei ao Consello de Administración, cando non poida delegarse a operación a que se refire o informe.
- (vi) O nomeamento e destitución, cando corresponda, do conselleiro ou dos conselleiros delegados da Sociedade, así como o establecemento das condicións dos seus contratos.
- (vii) O nomeamento e destitución dos directivos que tivesen dependencia directa do Consello de Administración ou dalgún dos seus membros, así como o establecemento das condicións básicas dos seus contratos, incluída a súa retribución.
- (viii) Decisións en materia de remuneración dos conselleiros, no marco estatutario e, cando corresponda, da política de remuneracións aprobada pola Xunta Xeral.
- (ix) A autorización ou dispensa das obrigas derivadas do deber de lealdade dos conselleiros de acordo co disposto na lei.
- (x) A convocatoria da Xunta Xeral de Accionistas e a elaboración da orde do día e a proposta de acordos.
- (xi) As facultades que a Xunta Xeral delegase no Consello de Administración, agás autorización expresa deste para subdelegalas.
- (xii) A determinación das políticas e estratexias xerais da Sociedade e, en particular, da política relativa ás accións propias.
- (xiii) A vixilancia, control e avaliación periódica da eficacia do sistema de goberno corporativo e a adopción das medidas oportunas para solucionar, cando corresponda, as súas deficiencias.
- (xiv) A responsabilidade da administración e xestión da Sociedade, a aprobación e vixilancia do plan estratéxico ou de negocio, así como a aplicación dos obxectivos estratéxicos e de xestión, a súa estratexia de risco e o seu goberno interno.
- (xv) Garantir a integridade dos sistemas de información contable e financeira incluídos o control financeiro e operativo, e o cumprimento da lexislación aplicable.
- (xvi) A supervisión do proceso de divulgación da información e das comunicacións derivadas da súa condición de entidade financeira de crédito e entidade de pagamento.
- (xvii) A supervisión dos sistemas internos de información e control.

- (xviii) A aprobación, previo informe da Comisión de Auditoría, da creación ou adquisición de participacións en entidades de propósito especial ou domiciliadas en países ou territorios que teñan a consideración de paraísos fiscais.
- (xix) A aprobación, previo informe da Comisión de Auditoría, das operacións que a Sociedade realice coa súa sociedade dominante ou outras sociedades do Grupo suxeitas a conflito de intereses, de conformidade co disposto no artigo 29 deste Regulamento, agás nos casos que a devandita competencia está legalmente atribuída á Xunta Xeral.

CAPÍTULO III
COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA DO CONSELLO
SECCIÓN I O CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

ARTIGO 3.- COMPOSICIÓN

1. A composición xeral do Consello de Administración no seu conxunto debe reunir os coñecementos, competencias e experiencia suficientes no goberno das entidades financeiras para comprender adecuadamente as actividades da Sociedade, incluídos os seus principais riscos e garantir a capacidade efectiva do Consello de Administración para tomar decisións de forma independente e autónoma en beneficio da Sociedade, cumprindo os requisitos de idoneidade esixidos na normativa aplicable.
2. Así mesmo, o Consello de Administración deberá velar polo cumprimento do réxime de incompatibilidades establecido na normativa aplicable.
3. O Consello de Administración estará formado polo número de conselleiros que determine a Xunta Xeral dentro dos límites que establezan os Estatutos Sociais da Sociedade.
4. O Consello proporalle á Xunta Xeral o número de conselleiros que, de acordo coas circunstancias cambiantes da Sociedade, resulte máis adecuado para garantir a debida representatividade e o eficaz funcionamento do órgano.
5. A persoa física designada para o exercicio permanente das funcións propias do cargo de Conselleiro persoa xurídica deberá reunir os requisitos legais establecidos para os conselleiros, estará suxeita aos mesmos deberes e responderá solidariamente coa persoa xurídica administrador.

ARTIGO 4.- O PRESIDENTE DO CONSELLO

1. O presidente do Consello de Administración será elixido entre os seus membros e terá as facultades previstas pola Lei, os Estatutos Sociais, o presente Regulamento e as que, segundo corresponda, lle encomende o propio Consello.
2. O presidente é o máximo responsable do funcionamento efectivo do Consello de Administración, impulsando o desenvolvemento das súas competencias e a coordinación coas súas Comisións para o mellor cumprimento das súas funcións e terá, entre outras, as seguintes facultades, sen prexuízo das dos apoderamentos e delegacións que, segundo corresponda, se establecesen:
 - (i) Representar institucionalmente á Sociedade, sen prexuízo das funcións atribuídas nesta materia ao Consello de Administración.

- (ii) Convocar, fixar a orde do día e presidir as sesións do Consello de Administración, dirixindo as discusións e deliberacións. Así mesmo, poderá executar calquera acordo do devandito órgano, sen necesidade de delegación especial.
 - (iii) Garantir que os conselleiros reciban previamente a información suficiente para deliberar sobre os puntos da orde do día e estimular o debate e a participación activa dos conselleiros durante as sesións, salvagardando a súa libre toma de posición, asegurándose de que as opinións discrepantes se consideren no proceso de adopción de acordos. Así mesmo, procurará que os temas estratéxicos sexan tratados de forma prioritaria.
 - (iv) Contribuír a un eficaz fluxo de información entre o Consello e as súas Comisións, así como dentro do propio Consello.
 - (v) O voto de calidade, en caso de empate, nas sesións do Consello de Administración que presida.
 - (vi) Actuar en representación da Sociedade perante os órganos corporativos e representativos do sector, de conformidade cos Estatutos Sociais.
 - (vii) A aprobación das actas, certificacións e demais documentos referidos aos acordos da Xunta Xeral, do Consello de Administración e, segundo corresponda, das Comisións que presida e actuar en representación da Sociedade para a execución destes acordos perante os órganos reguladores, sen prexuízo das atribucións a outros órganos.
 - (viii) Levar a sinatura oficial da Sociedade e, polo tanto, asinar en nome da Sociedade e con carácter previo aos acordos que legal ou estatutariamente resulten necesarios, os contratos, convenios ou outros instrumentos xurídicos coas administracións públicas e con outras entidades.
 - (ix) Velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes, así como dos preceptos dos Estatutos Sociais e dos Regulamentos e dos acordos dos órganos colexiados que presida.
 - (x) A representación formal da Sociedade na relación con autoridades, entidades e organismos alleos, españois e estranxeiros. Poderá delegar esta representación nos demais membros do Consello, segundo corresponda, no conselleiro delegado ou nun membro do persoal directivo da Sociedade.
3. A Xunta elixirá de entre os seus membros un presidente e poderá elixir un ou varios vicepresidentes, se non son designados directamente pola Xunta Xeral. Nos supostos de ausencia do presidente por enfermidade ou calquera outra causa, este será substituído automaticamente polo vicepresidente primeiro e, segundo corresponda, polos demais se os houber, por orde ou no seu defecto polo conselleiro que designe o propio Consello.

ARTIGO 5.- O SECRETARIO DO CONSELLO

1. O Consello de Administración elixirá un secretario cuxo nomeamento poderá recaer en calquera dos seus membros ou nunha persoa allea ao Consello con aptitude para desempeñar as funcións propias do devandito cargo.

No caso de que o/a secretario/a do Consello de Administración non teña a condición de conselleiro terá voz pero non voto.

2. Correspóndelle ao secretario do Consello de Administración a asistencia ao presidente nos seus labores e, en particular, (i) tramitar a convocatoria do Consello, en execución da decisión do presidente; (ii) conservar a documentación do Consello de Administración, deixar constancia nos libros de actas do desenvolvemento das sesións e dar fe do seu contido e das resolucións adoptadas; (iii) garantir que a actuación do Consello de Administración se axuste á normativa aplicable e sexa conforme aos Estatutos Sociais e demais normativa interna; e (iv) asistir ao presidente para que os conselleiros reciban a información relevante para o exercicio das súas funcións coa suficiente antelación e no formato adecuado.
3. O Consello de Administración poderá nomear un vicesecretario, que non necesitará ser conselleiro, para asistir ao secretario do Consello de Administración ou substituílo na súa ausencia, como acontece nos casos de vacante, ausencia ou imposibilidade no desempeño da función e a ausencia destes polo membro máis novo do Consello de Administración.

ARTIGO 6.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS. COMISIÓNS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

1. Consonte o establecido nos Estatutos Sociais, sen prexuízo das delegacións de facultades realizadas a título individual ao presidente ou a calquera outro conselleiro, o Consello de Administración poderá constituír unha Comisión Executiva que estará investida das facultades que expresamente lle sexan atribuídas polo Consello e actuará na forma e condicións que para o efecto estableza o devandito órgano.
2. O Consello de Administración constituirá unha Comisión de Auditoría, unha Comisión de Riscos, unha Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade e unha Comisión de Innovación, Tecnoloxía e Transformación Dixital coas facultades que lle atribúa a Lei, os Estatutos Sociais e este Regulamento. En todo caso, o Consello de Administración procurará que a composición das Comisións non sexa idéntica e contemplará tamén a rotación ocasional dos presidentes e dos seus membros.
3. Agás o disposto na Lei, nos Estatutos e neste Regulamento, as Comisións poderán regular o seu propio funcionamento. No non expresamente previsto, aplicaranse as normas de funcionamento establecidas nos Estatutos Sociais e neste Regulamento en relación co Consello, sempre que sexan compatibles coa natureza e función da Comisión correspondente.
4. Así mesmo, o Consello poderá constituír outras Comisións con funcións consultivas ou asesoras, sen prexuízo de que se lles atribúa excepcionalmente algunha facultade de decisión.

SECCIÓN II A COMISIÓN EXECUTIVA

ARTIGO 7.- COMPOSICIÓN, FUNCIÓNS E FUNCIONAMENTO

1. O Consello de Administración poderá designar entre os seus membros unha Comisión Executiva da que formarán parte o presidente e, de haber un, o conselleiro delegado.
2. No caso de que o Consello de Administración crease unha Comisión Executiva, establecerá a súa composición e determinará as regras do seu funcionamento. A devandita Comisión estará integrada por un mínimo de tres conselleiros e un máximo de nove.

3. As facultades da devandita Comisión serán as que en cada caso lle delegue o Consello cos límites previstos na Lei, nos Estatutos Sociais e neste Regulamento.
4. A Comisión Executiva reunirse cantas veces sexa convocada polo seu Presidente ou quen deba substituílo na súa falta, como acontece nos casos de vacante, ausencia ou imposibilidade e entenderase validamente constituída cando concorran ás súas reunións, presentes ou representados, a maioría dos seus membros.
5. A designación nesta dos membros da Comisión Executiva e a delegación permanente de facultades do Consello requirirá o voto favorable de polo menos dous terzos dos membros do Consello de Administración.
6. A Comisión Executiva deberá informar ao Consello dos principais asuntos tratados e das decisións que sobre estes adopte nas súas reunións.
7. Serán o presidente e o secretario da Comisión Executiva quen tamén o sexan do Consello de Administración.
8. Os acordos da Comisión Executiva adoptaranse pola maioría dos membros concurrentes presentes ou representados e serán válidos e vinculantes sen necesidade de posterior ratificación polo pleno do Consello de Administración.

SECCIÓN III A COMISIÓN DE AUDITORÍA

ARTIGO 8.- COMPOSICIÓN, FUNCIONS E FUNCIONAMENTO

1. A Comisión de Auditoría estará integrada exclusivamente por conselleiros non executivos, no número que determine o Consello de Administración, entre un mínimo de tres (3) e un máximo de cinco (5) membros. A maioría dos membros da Comisión de Auditoría serán independentes e un (1) deles será nomeado tendo en conta os seus coñecementos e experiencia en materia de contabilidade, auditoría ou ambas as dúas, aínda que se procurará que todos os membros da Comisión de Auditoría se designen tendo en conta os seus coñecementos e experiencia en materia de contabilidade, auditoría, finanzas, control interno, xestión de riscos e tecnoloxías da información.
2. A Comisión de Auditoría designará un presidente entre os conselleiros independentes. O presidente deberá ser substituído cada catro (4) anos, podendo ser reelixido unha vez transcorrido o prazo dun (1) ano desde o seu cese. O presidente da Comisión de Auditoría actuará como o seu voceiro nas reunións do Consello de Administración e, segundo corresponda, da Xunta Xeral de Accionistas da Sociedade. Así mesmo, designará un secretario e poderá designar un vicesecretario, os cales non poderán ser membros do mesmo. En caso de non efectuar tales nomeamentos, actuarán como tal os do Consello.
3. No desenvolvemento e exercicio das súas funcións, a Comisión de Auditoría terá en conta os principios e criterios establecidos na Guía técnica 3/2017 sobre comisións de auditoría da Comisión Nacional do Mercado de Valores, do 27 de xuño de 2017, sen prexuízo da súa adaptación ás circunstancias e características particulares da Sociedade. Sen prexuízo das demais funcións que en cada momento se lle puidese asignar ao Consello de Administración, a Comisión de Auditoría desempeñará as seguintes funcións básicas:

En relación coa supervisión da información financeira

- a) Informar na Xunta Xeral de Accionistas sobre as cuestións que se propoñan en materias da súa competencia e, en particular, sobre o resultado da auditoría, explicando como esta contribuíu á integridade da información financeira e a función que desempeñou a Comisión de Auditoría neste proceso.
- b) Supervisar o proceso de elaboración e presentación da información financeira obrigatoria.
- c) Informar previamente ao Consello de Administración sobre a información financeira e a información non financeira relacionada que a Sociedade deba facer pública.

En relación coa supervisión do control interno e da auditoría interna

- d) Supervisar a eficacia do control interno da Sociedade e da auditoría interna, así como discutir co auditor de contas as debilidades significativas do sistema de control interno detectadas no desenvolvemento da auditoría, todo iso sen quebrantar a súa independencia, concluíndo sobre o nivel de confianza e fiabilidade do sistema. Para eses efectos e segundo corresponda, poderá presentar recomendacións ou propostas ao Consello de Administración e o prazo correspondente para o seu seguimento.
- e) Realizar un seguimento adecuado do desenvolvemento do Plan Anual de Auditoría, asegurándose de que se centra nos riscos máis significativos da sociedade.
- f) Avaliar anualmente o funcionamento da unidade de auditoría interna, cando corresponda, así como o desempeño das súas funcións por parte do seu responsable, para o que obterá a opinión que poida ter a dirección executiva.

En relación co auditor de contas

- g) Elevar ao Consello de Administración as propostas de selección, nomeamento, reelección e substitución do auditor de contas, responsabilizándose do proceso selectivo de acordo coa normativa aplicable á Sociedade, así como as condicións da súa contratación e, para estes efectos, a Comisión de Auditoría deberá, observando os principios e criterios establecidos na sociedade matriz:
 - 1º. Definir o procedemento de selección de auditores, e
 - 2º. Emitir unha proposta motivada que conterá polo menos dúas alternativas para a selección do auditor, agás no caso de que se trate da reelección do mesmo.
- h) Recoller regularmente información do auditor de contas sobre o plan de auditoría e a súa execución, ademais de preservar a súa independencia no exercicio das súas funcións.
- i) Establecer as relacións oportunas co auditor de contas para recibir información sobre aquelas cuestións que poidan supoñer unha ameaza para a súa independencia, en particular as discrepancias que poidan xurdir entre o auditor de contas e a dirección da Sociedade, para o seu exame pola Comisión de Auditoría e calquera outro relacionado co proceso de realización da auditoría de contas e, segundo corresponda, coa autorización de servizos distintos dos prohibidos, nos termos previstos na normativa aplicable en relación con réxime de independencia, así como aquelas outras comunicacións previstas na lexislación de auditoría de contas e nas normas de auditoría.

En todo caso, deberá recibir anualmente dos auditores externos a declaración da súa independencia en relación coa Sociedade ou entidades vinculadas a ela directa ou indirectamente, así como información detallada e individualizada sobre os servizos adicionais de calquera índole prestados e os correspondentes honorarios percibidos destas entidades polo auditor externo ou polas persoas ou entidades vinculadas a el de conformidade co disposto na normativa reguladora da actividade de auditoría de contas.

- j) Emitir anualmente, con anterioridade á emisión do informe de auditoría de contas, un informe expresando unha opinión sobre se a independencia do auditor de contas está comprometida. Este informe deberá conter, en todo caso, a valoración razoada da prestación de todos e cada un dos servizos adicionais a que se refire o apartado anterior, considerados individualmente e no seu conxunto, distintos da auditoría legal e en relación co réxime de independencia ou coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas.
- k) Facer unha avaliación final da actuación do auditor e de como este contribuíu á calidade da auditoría e á integridade da información financeira.

Outras funcións

- l) Informar previamente ao Consello de Administración sobre todos os asuntos previstos na Lei, nos Estatutos Sociais e no Regulamento do Consello e, en particular, sobre a creación ou adquisición de participacións en entidades de propósito especial ou con domicilio en países ou territorios que teñan a consideración de paraísos fiscais.
 - m) Supervisar o cumprimento da normativa relativa ás operacións realizadas pola Sociedade ou a súa sociedade dominante ou outras sociedades do Grupo suxeitas a conflito de intereses, de conformidade co disposto no artigo 29 deste Regulamento e, en particular, informar previamente ao Consello de Administración ou, segundo corresponda, á Xunta Xeral sobre as devanditas operacións e sobre as operacións que impliquen ou poidan implicar conflitos de intereses e, en xeral, sobre as materias contempladas no Capítulo VIII deste Regulamento.
 - n) Avaliar o perfil das persoas máis idóneas para formar parte da Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade, de acordo cos seus coñecementos, aptitudes e experiencia, e elevar ao Consello as correspondentes propostas de designación dos membros da Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade.
 - o) Seleccionar e designar o experto externo requirido pola Lei de Prevención do Branqueo de Capitais e Financiamento do Terrorismo.
4. A Comisión de Auditoría reunirse tantas veces sexa necesario para o desenvolvemento das súas funcións. Así mesmo, a Comisión de Auditoría reunirse para revisar a preceptiva información financeira que, segundo corresponda, deba remitírselle ás autoridades. En relación con este asunto, a Comisión de Auditoría deberá contar coa presenza do auditor interno nas súas reunións e, de emitir algún tipo de informe de revisión, do auditor de contas, os que, non obstante, non estarán presentes na parte decisoria da reunión cando a Comisión de Auditoría deba adoptar os acordos correspondentes. A Comisión de Auditoría poderá celebrar sesións conxuntas coa Comisión de Riscos para tratar asuntos que sexan de interese para ambas as dúas Comisións.

5. Será convocado polo presidente da Comisión de Auditoría, ben por iniciativa propia, ben por petición do presidente do Consello de Administración ou dous (2) membros da propia Comisión de Auditoría. A convocatoria enviarase por carta, correo electrónico ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción. O secretario ocuparase da convocatoria da mesma e do arquivo das actas e da documentación que se presente á Comisión de Auditoría.
6. Quedará validamente constituída cando asistan, presentes ou representados, a maioría dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría de membros concorrentes, presentes ou representados, e levantarase acta dos acordos adoptados en cada sesión dos que se dará conta ao pleno do Consello. As actas da Comisión de Auditoría estarán a dispor de todos os membros do Consello na Secretaría do Consello.
7. A Comisión de Auditoría poderá convocar a calquera dos membros do equipo directivo ou do persoal da Sociedade, así como requirir a asistencia doutras persoas ás súas reunións por invitación do presidente da Comisión de Auditoría. En todo caso, a presenza de persoas distintas dos membros da Comisión de Auditoría nas súas reunións só se producirá na medida en que estea xustificada por razón do asunto de que se trate e só para tratar aqueles puntos concretos da orde do día dos que estean citados.
8. No exercicio das súas funcións, a Comisión de Auditoría terá en conta, na medida do posible e de forma continuada, a necesidade de garantir que a toma de decisións do Consello de Administración non estea dominada por un individuo ou un grupo reducido de persoas de tal xeito que se vexan prexudicados os intereses da Sociedade no seu conxunto.
9. A Comisión de Auditoría deberá establecer unha vía de comunicación eficaz e periódica cos seus interlocutores habituais, que corresponderá normalmente ao presidente da Comisión de Auditoría e, entre outros, coa dirección da Sociedade, en particular, a dirección financeira, o responsable da auditoría interna e o auditor principal responsable da auditoría de contas. A comunicación entre a Comisión de Auditoría e o auditor externo debe ser fluída, continua, de acordo coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas e non debe menoscabar a independencia do auditor nin a eficacia coa que se realiza a auditoría ou coa que se desenvolven os procedementos de auditoría.
10. A Comisión de Auditoría establecerá un plan de traballo anual que contemplará as principais actividades da Comisión de Auditoría durante o exercicio.

Así mesmo, elaborará un informe anual sobre o seu funcionamento durante o exercicio que incluírá, polo menos, a seguinte información: (i) Regulación da Comisión; (ii) Composición da Comisión durante o exercicio; (iii) Reunións mantidas durante o exercicio, identificando a cales asistiu o auditor interno e o auditor externo e o número de asistentes, incluíndo, segundo corresponda, os invitados que acudiron; (iv) Actividades significativas realizadas durante o período, informando das que se levasen a cabo coa colaboración de expertos externos; (v) Avaliación do funcionamento e do desempeño da Comisión; (vi) Información sobre a opinión da Comisión sobre a independencia do auditor; (vii) Información sobre que directrices prácticas sobre Comisións de Auditoría está a seguir, segundo corresponda, e en que medida; (viii) Conclusións; e (ix) Data de formulación pola Comisión do informe e data de aprobación polo Consello.

11. A Comisión de Auditoría poderá acceder de maneira adecuada, oportuna e suficiente a calquera información ou documentación de que dispoña a Sociedade, así como obter o asesoramento de expertos externos cando o considere necesario para o correcto desempeño das súas funcións.

12. A Comisión de Auditoría poderá dispoñer dun plan de formación periódica que asegure a actualización dos coñecementos dos membros do Comité. Así mesmo, facilitarase un programa de benvida aos seus novos membros.
13. A Sociedade deberá dotar á Comisión de Auditoría dos recursos suficientes para que poida cumprir as súas funcións. As necesidades de recursos deberán ser canalizadas a través do secretario do Consello de Administración.
14. No non expresamente previsto, aplicarase o disposto na propia Comisión de Auditoría, sendo de aplicación, adicionalmente e na medida en que a súa natureza e funcións o permitan, as normas de funcionamento establecidas polos Estatutos Sociais ou polo presente Regulamento en relación co Consello de Administración.

SECCIÓN IV A COMISIÓN DE RISCOS

ARTIGO 9.- COMPOSICIÓN, FUNCIÓNS E FUNCIONAMENTO

1. A Comisión de Riscos estará integrada exclusivamente por conselleiros non executivos, no número que determine o Consello de Administración, entre un mínimo de tres (3) e un máximo de cinco (5) membros. A maioría dos membros da Comisión de Riscos serán independentes e deberán posuír os coñecementos, capacidade e experiencia adecuados para comprender e controlar plenamente a estratexia de risco e a propensión ao risco da Sociedade.
2. A Comisión de Riscos designará un presidente entre os conselleiros independentes. O presidente da Comisión de Riscos actuará como o seu voceiro nas reunións do Consello de Administración e, segundo corresponda, da Xunta Xeral de Accionistas da Sociedade. Así mesmo, designará un secretario e poderá designar un vicesecretario, os cales non poderán ser membros do mesmo. En caso de non efectuar tales nomeamentos, actuarán como tal os do Consello.
3. Sen prexuízo das demais funcións que en cada momento se lle puidese asignar ao Consello de Administración, a Comisión de Riscos desempeñará as seguintes funcións básicas:
 - a) Asesorar ao Consello de Administración sobre a propensión global ao risco da Compañía, actual e futura, e a súa estratexia neste ámbito, informando sobre o marco de apetito ao risco, colaborando na vixilancia da aplicación desa estratexia, garantindo que as actuacións do Grupo sexan coherentes co nivel de tolerancia do risco previamente decidido e efectuando o seguimento do grao de adecuación dos riscos asumidos ao perfil establecido.
 - b) En relación coa supervisión da xestión e do control dos riscos:
 - i. Supervisar a eficacia dos sistemas de xestión de riscos. Segundo corresponda, poderá presentarlle recomendacións ou propostas ao Consello de Administración e o prazo correspondente para o seu seguimento.
 - ii. Reavaliar, polo menos anualmente, a relación de riscos financeiros e non financeiros máis significativos e valorar o seu nivel de tolerancia, podendo propoñer o seu axuste ao Consello.

- iii. Manter, polo menos anualmente, unha reunión cos altos responsables das unidades de negocio na que estes lles expliquen as tendencias do negocio e os riscos asociados, e sempre que o perfil de risco da Sociedade cambie de forma significativa.
- c) Asesorar ao Consello de Administración na definición e avaliación das políticas de riscos que afecten á Sociedade, que deberá identificar, en particular:
 - i. Os diferentes tipos de risco (operativos, tecnolóxicos, financeiros, legais e reputacionais, entre outros) aos que se enfronta a Sociedade, incluíndo riscos financeiros ou económicos, os pasivos continxentes e outros fóra do balance.
 - ii. Os sistemas de información e control interno que se utilizarán para controlar e xestionar os devanditos riscos.
 - iii. A fixación do nivel de risco que a Sociedade considere aceptable.
 - iv. As medidas previstas para mitigar o impacto dos riscos identificados, no caso de que cheguen a se materializar.
- d) Prestar asistencia ao Consello de Administración na súa función de supervisión na vixilancia da aplicación da estratexia de risco da Sociedade e dos correspondentes límites establecidos.
- e) Vixiar a execución das estratexias de xestión de capital e da liquidez, así como todos os demais riscos relevantes dunha entidade, como os riscos de mercado, de crédito, operativos (incluídos os tecnolóxicos), reputacionais e legais, co fin de avaliar a súa idoneidade para a adecuación da estratexia e o apetito de risco aprobados.
- f) Vixiar que a política de prezos dos activos e os pasivos ofrecidos aos clientes teña plenamente en conta o modelo empresarial e a estratexia de risco da Sociedade. En caso contrario, a Comisión de Riscos presentará ao Consello de Administración un plan para corrixilo.
- g) Coñecer e valorar os riscos derivados do contorno macroeconómico e dos ciclos económicos nos que se enmarcan as actividades da Sociedade. Revisar regularmente as exposicións cos principais clientes, sectores económicos de actividade, áreas xeográficas e tipos de risco.
- h) Determinar, xunto co Consello de Administración, a natureza, cantidade, formato e frecuencia da información sobre riscos que debe recibir o Consello de Administración e establecer o que debe recibir a Comisión de Riscos. En particular, a Comisión de Riscos recibirá información periódica do máximo responsable da función de riscos.
- i) Supervisar a eficacia da función de riscos e, en particular:
 - i. Garantir a independencia e eficacia da función de riscos.
 - ii. Asegurar que a función de riscos dispoña dos medios materiais e humanos necesarios para desenvolver o seu labor.
 - iii. Recibir información periódica sobre as súas actividades, que incluírá posibles deficiencias detectadas e incumprimentos dos límites de risco establecidos.
 - iv. Avaliar anualmente a función de riscos e o desempeño do responsable da función de riscos.

- j) Avaliar o risco legal e de conduta, entendido como a xestión do risco de sancións legais ou normativas, perda financeira, material ou reputacional que poida ter a Sociedade como consecuencia do incumprimento das leis, normas, estándares de regulación e códigos de conduta, detectando calquera risco de incumprimento e, realizando o seu seguimento e o exame das posibles deficiencias cos principios de deontoloxía.
 - k) Colaborar coa Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade para establecer políticas e prácticas de remuneración racionais. Para eses efectos, a Comisión de Riscos examinará, sen prexuízo das funcións da Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade, se a política de incentivos prevista nos sistemas de remuneración ten en conta o risco, capital, liquidez, probabilidade e oportunidade dos beneficios.
 - l) Ser informado sobre os novos produtos e servizos ou cambios significativos nos existentes máis relevantes, co obxectivo de determinar e informar, segundo corresponda, de:
 - i. Os riscos aos que se enfrenta a Sociedade coa emisión dos mesmos e a súa comercialización nos mercados, así como os cambios significativos nos xa existentes.
 - ii. Os sistemas de información e control interno para a xestión e control destes riscos.
 - iii. As medidas correctoras para limitar o impacto dos riscos identificados, en caso de que chegasen a materializarse.
 - iv. Os medios e vías axeitados para a súa comercialización co obxectivo de minimizar os riscos reputacionais e de defectuosa comercialización.
 - m) Analizar unha serie de escenarios posibles, incluídos os escenarios de estrés, para valorar como reaccionaría o perfil de risco da Sociedade perante eventos externos e internos, valorando os seus resultados e analizando as medidas propostas pola función de risco como consecuencia deses resultados.
 - n) Supervisar o funcionamento da canle de denuncias que permite comunicar as irregularidades de potencial transcendencia, especialmente financeiras e contables, que se advirtan no seo da Sociedade.
 - o) Apoiar e asesorar ao Consello de Administración en relación cos supervisores e reguladores.
 - p) Seguir as propostas normativas e novidades regulatorias que resulten de aplicación.
 - q) Participar na proposta de nomeamento ou cesamento dos máximos responsables das funcións de risco e cumprimento, así como validar os seus obxectivos de desempeño nestes.
4. A Comisión de Riscos reunirse tantas veces sexa necesario para o desenvolvemento das súas funcións. Así mesmo, a Comisión de Riscos poderá celebrar sesións conxuntas coa Comisión de Auditoría para tratar os asuntos que sexan de interese para ambas as dúas Comisións.

5. Será convocada polo presidente da Comisión de Riscos, ben por iniciativa propia, ben por petición do presidente do Consello de Administración ou de dous (2) membros da propia Comisión de Riscos. A convocatoria enviarase por carta, correo electrónico ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción. O secretario ocuparase da convocatoria da mesma e do arquivo das actas e da documentación que se presente á Comisión de Riscos.
6. Quedará validamente constituída cando asistan, presentes ou representados, a maioría dos seus membros. Os acordos adoptaranse por maioría de membros concorrentes, presentes ou representados, e levantarase acta dos acordos adoptados en cada sesión dos que se dará conta ao pleno do Consello. As actas da Comisión de Riscos estarán a dispor de todos os membros do Consello na Secretaría deste.
7. A Comisión de Riscos poderá convocar a calquera dos membros do equipo directivo ou do persoal da Sociedade, así como de requirir a asistencia doutras persoas ás súas reunións por invitación do presidente da Comisión de Riscos. En todo caso, a presenza de persoas distintas dos membros da Comisión de Riscos nas súas reunións só se producirá na medida en que estea xustificada por razón do asunto de que se trate e só para tratar aqueles puntos concretos da orde do día dos que estean citados.
8. No exercicio das súas funcións, a Comisión de Riscos terá en conta, na medida do posible e de forma continuada, a necesidade de garantir que a toma de decisións do Consello de Administración non estea dominada por un individuo ou un grupo reducido de individuos de tal xeito que se vexan prexudicados os intereses da Sociedade no seu conxunto.
9. A Comisión de Riscos establecerá un plan de traballo anual que contemplará as principais actividades da Comisión de Riscos durante o exercicio.
10. A Comisión de Riscos poderá acceder de maneira adecuada, oportuna e suficiente a calquera información ou documentación de que dispoña a Sociedade, así como obter o asesoramento de expertos externos cando o considere necesario para o correcto desempeño das súas funcións.
11. A Comisión de Riscos poderá dispoñer dun plan de formación periódica que asegure a actualización dos coñecementos dos membros do Comité. Así mesmo, facilitarase un programa de benvinda aos seus novos membros.
12. A Sociedade deberá dotar á Comisión de Riscos dos recursos suficientes para que poida cumprir as súas funcións. As necesidades de recursos deberán ser canalizadas a través do secretario do Consello de Administración.
13. No non expresamente previsto, aplicarase o disposto na propia Comisión de Riscos, sendo de aplicación, adicionalmente e na medida en que a súa natureza e funcións o fagan posible, as normas de funcionamento establecidas polos Estatutos Sociais ou por este Regulamento en relación co Consello de Administración.

SECCIÓN V A COMISIÓN DE NOMEAMENTOS, RETRIBUCIÓN E SOSTIBILIDADE

ARTIGO 10.- COMPOSICIÓN, FUNCIÓNS E FUNCIONAMENTO

1. A Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade estará integrada exclusivamente por conselleiros non executivos, no número que determine o Consello de Administración, entre un mínimo de tres (3) e un máximo de cinco (5) membros. Polo menos un terzo dos membros da Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade será independente e procurarase que, no seu conxunto, a Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade teña coñecementos e experiencia en goberno corporativo, análise e avaliación estratéxica de recursos humanos, selección e idoneidade de conselleiros e directivos, desempeño de funcións de alta dirección e deseño de políticas e plans retributivos de conselleiros e altos directivos.
2. A Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade designará un presidente entre os conselleiros independentes. O presidente da Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade actuará como o seu voceiro nas reunións do Consello de Administración e, segundo corresponda, da Xunta Xeral de Accionistas da Sociedade. Así mesmo, designará un secretario e poderá designar un vicesecretario, os cales non poderán ser membros do mesmo. En caso de non efectuar tales nomeamentos, actuarán como tal os do Consello.
3. Sen prexuízo de calquera outro cometido que en cada momento lle poida encomendar o Consello de Administración, a Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade desempeñará as seguintes funcións básicas:
 - a) Valorar e proporlle ao Consello de Administración a avaliación das competencias, coñecementos e experiencia necesarios dos membros do Consello de Administración e do persoal clave da Sociedade.
 - b) Levar ao Consello de Administración as propostas para o nomeamento de Conselleiros independentes para a súa designación por cooptación ou para o seu sometemento á decisión da Xunta Xeral de Accionistas, así como as propostas para a reelección ou separación dos devanditos Conselleiros pola Xunta Xeral de Accionistas e informar sobre as propostas de nomeamento, reelección ou separación dos demais conselleiros. Así mesmo, elevará ao Consello as correspondentes propostas para o nomeamento dos membros das Comisións especializadas.
 - c) Analizar o resto das ocupacións de cada conselleiro da Sociedade, tendo en conta a esixencia de dedicación ao Consello e, en particular, o número máximo de consellos dos que razoablemente pode formar parte o conselleiro, debendo garantir que os conselleiros dediquen na práctica tempo suficiente e propoñendo, en caso contrario, as medidas oportunas.
 - d) Avaliar o perfil das persoas máis idóneas para formar parte das Comisións distintas da propia Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade, de acordo cos seus coñecementos, aptitudes e experiencia, e elevar ao Consello as correspondentes propostas de designación dos membros das Comisións distintas da propia Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade.

- e) Informar das propostas de nomeamento ou separación de altos directivos, podendo proceder a formular as devanditas propostas directamente cando se trate de altos directivos que, polas súas funcións de control ou apoio ao Consello ou ás súas Comisións, consideren a Comisión de Nomeamentos, Retribucións e Sostibilidade que debe tomar esa iniciativa. Propoñer, se o considera oportuno, as condicións básicas nos contratos dos altos directivos e dar conta das mesmas cando se establezan.
- f) Informar do nomeamento e, segundo corresponda, cesamento do secretario e do vicesecretario do Consello para sometelo á aprobación do Consello de Administración.
- g) Avaliar periodicamente a estrutura, tamaño, composición e actuación do Consello de Administración, ofrecéndolle recomendacións sobre posibles cambios.
- h) Avaliar periodicamente a idoneidade dos distintos membros do Consello de Administración e do seu conxunto, e informar ao respecto ao Consello de Administración.
